



## Concello de Vigo

### RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

No Pleno do 8.09.15 dáse conformidade á proposta da Alcaldía que manifesta o seguinte: "Modificar dito acordo engadindo un décimo cuarto parágrafo co seguinte texto: Aqueles membros da Corporación que non desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou en réxime de dedicación parcial de 26 ou 19 horas, poderán decidir desempeñalo, salvo que noutras Administracións Públicas desempeñen cargos en réxime de dedicacións exclusiva, nun réxime de dedicación parcial de 9 horas que substituirá o importe que, por indemnizacións, lles corresponda por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación ou dos seus organismos autónomos."

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía polo grupo municipal do Partido Popular e polo grupo municipal Marea de Vigo as adicacións que lle corresponden, resolvo:

Primeiro: Exerцерán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de nove horas os seguintes membros da Corporación.

Concelleiro do g.m PP	D. Ángel Piñeiro López	13.648,00 €
Concelleira do g.m PP	D <sup>a</sup> Elena González Sánchez	13.648,00 €
Concelleiro do g.m PP	D. Miguel Fidaigo Iglesias	13.648,00 €
Concelleira do g.m PP	D <sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera	13.648,00 €
Concelleira do g.m.Marea de Vigo	D <sup>a</sup> Margarita López Barreiro	13.648,00 €
Concelleiro do g.m.Marea de Vigo	D. Xosé Lois Jácome Enríquez	13.648,00 €

Segundo: As retribucións especificadas para cada cargo así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas aboaranse en doce pagas. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro: As retribucións sinaladas terán efectos retroactivos á data de 8.09.2015, data de adopción do acordo.

Cuarto: Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos Organismos Autónomos Municipais.

Quinto: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados

asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sexto: Notificar a presente Resolución a tódolos interesados/as, darase conta ao Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sétimo: Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Oitavo: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello e na súa páxina web.

JRB

Vigo, 14 de setembro de 2015

O alcalde

Abel Caballero Álvarez

Ante min, o secretario xeral do Pleno



José Riesgo Boluda